



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

P-7/2017

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACION O DÍA 6/10/2017, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

**ASISTENTES
Concelleiros**

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado
María Rocío Mariño López

**Concelleiros
Partido Popular (PP)**

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmorís-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación, se procede, borradores Actas das sesións anteriores.
- 2º.- Proposta a Xunta de Galicia de dous días de festa para o ano 2018.-
- 3º.- Resolucions ditadas pola Alcaldía, para coñecemento.-
- 4º.- Rogos e Preguntas.-

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20:30 horas, do día 6/10/2017, reúnense no salón de sesións da casa do concello baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, coa seguinte:

1º.- Aprobación, se procede, borradores Actas das sesións anteriores.

- Sometida a votación a do día 7 de Agosto de 2017 é aprobada por unanimidade dos asistentes, coas seguintes observacións :

Sr. Sar Oliveira do grupo BNG

Non foi recollida na redacción da acta as manifestacións efectuadas a miña persoa por parte do Concelleiro, Sr. Garcia Pouso, ao indicarme :

" Vostede pensa que é Maduro e cando un nunca tivo un carguiño e o chega a ter e, aínda por riba pagado, súbesenlle ós fumes á cabeza e impón o seu criterio. Vostede ten actitudes Hitlerianas e vostede saca de dentro actitudes dun pequeno dictador "

Sr. Garcia Pouso do grupo Converxencia Galega

Durante a miña intervención no punto 2º Mocións de Grupos Políticos, en relación co peche da Rúa real,

Onde dí : " Sabe, Sr. Alcalde que pode contar conmigo, pero aquí non se humanizou xa que isto foi **poñer unha calzada** e punto " .

Debe dicir : Sabe, Sr. Alcalde que pode contar conmigo pero aquí non se humanizou xa que isto foi **poñer unha Cancela** e punto.

- Sometida a votación a do día 22 de Agosto de 2017 é aprobada por unanimidade dos asistentes coas seguintes observacións :

Sr. Traba Fernández do grupo popular

Non foi recollida ningunha das miñas intervencións en relación co tema previsto no punto da Orde do día sobre aprobación do presuposto ordinario de 2017 dado que tiñase dito :

1) Que o orzamento quedará aprobado efectivamente tres a súa publicación o día 28 de Setembro de 2017 e existe unha partida de mais de Cincocentos cincuenta mil euros (550.000,00 €) que non se di para que é tendo en conta que faltan tres meses para o remate do exercizo.-

2) Que non aparecen inversións mais que as obrigatorias.-

3) Que a débeda viva é de 147.000,00 € pero para determinar a real tense que ter en conta o Préstamo de Diputación de cerca de Catrocentos mil euros (400.000,00 €).-

Asimesmo non se recolle na redacción da acta o feito de que o Sr. Alcalde manifestou a todos os grupos integrantes da Corporación que as Preguntas a formular en cada sesión ordinaria, deberán efectuarse por escrito e polo Rexistro Xeral de Entrada antes da súa celebración.-

2º.- Proposta a Xunta de Galicia de dous días de festa para o ano 2018.-

Á vista do contido do Oficio número 7067/RX 1262045 de data 9 de Setembro de 2017 procedente da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia sobre proposta de Dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable dentro deste Termo Municipal para o vindeiro abo 2018, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda sinalar os seguintes :

Luns de Pascua
7 de setembro

Debéndose remitir certificación deste acordo á citada Consellería.-

3º.- Resolucións ditadas pola Alcaldía para coñecemento.

Dáse conta á Corporación das seguintes:

Altas e Baixas dentro do Padrón Municipal de Habitantes.

Concesión de vacacións en favor de **Alicia López Gil** durante o período 2 ao 28 de agosto de 2017, ambos incluídos.

Concesión de vacacións a favor de **María Trillo Domínguez** durante o período 21 ao 30 de setembro de 2017, ambos incluídos.

Concesión de vacacións a favor de **María Valbuena Gutiérrez** durante os días 23, 24 e 25 de agosto de 2017.

Concesión de Permiso por asuntos particulares en favor de **María Filomena Domínguez Velay** os días 8, 9 e 10 de agosto de 2017.

Autorización de Festas do Carne de Sardiñeiro os días 11 e 12 de agosto de 2017 a nome de Asociación de Veciños Virxe do Carne de Sardiñeiro.

Contratación de Pamela Caamaño Carril durante o período comprendido entre o día 14 ao 23 de agosto de 2017 como auxiliar de axuda no fogar por vacacións da traballadora Violeta Traba Castreje.

Concesión de vacacións en favor de Miguel Angel Olveira Traba como animador deportivo durante os días 14 de agosto ao 7 de setembro de 2017 (ambos incluídos).

Concesión de vacacións en favor de Eduardo Insua Díaz como auxiliar de animador deportivo durante os días 11 ao 29 de setembro de 2017 (ambos incluídos).

Concesión de vacacións en favor de Carlos Casais Trillo como peón da cuadrilla de limpeza de praias durante o período comprendido entre os días 25 ao 29 de setembro de 2017, ambos incluídos.

Concesión de vacacións en favor de Nelida Cambeiro Otero durante o período comprendido entre o 29 de agosto ao 28 de setembro de 2017 (incluídos).

Concesión de vacacións en favor de **Pilar Formoso Martínez** como peón do servizo da recollida de lixo durante o período comprendido entre o 11 de outubro ao 13 de novembro de 2017 (ambos incluídos).

Concesión de permiso por asuntos particulares en favor de Pedro Díaz Domínguez para os días comprendidos entre o 21 ao 28 de agosto de 2017 (ambos incluídos) en compensación por ter traballados tres días festivos.

Concesión de vacacións en favor de **María José Traba Traba** como educadora familiar durante o período comprendido entre o 28 de agosto ao 1 de setembro de 2017 (ambos incluídos).

Solicitud de subvención á Consellería de Traballo e Benestar para financiar o mantemento dos servizos sociais por importe de 100.972,81 € durante o ano 2017.

Autorización Festa Folk na Fin do camiño o día 19 de agosto de 2017 na Rúa Foliada deste Termo municipal a nome de **Juan Ramón Martínez Canosa**.

Contratación con carácter temporal na modalidade de “Temporal de Traballos de Interese social” para prestación do servizo de peón durante o período comprendido entre os días 31 de agosto de 2017 ao 30 de marzo de 2018 a nome de:

IVÁNEZ RAMOS, JOSE RAMON
LIÑEIRO SANTAMARIA, RAMON
LOPEZ LIÑEIRO, PATRICIA
ARAFA, MOKHTAR
TRILLO LIÑEIRO, DOLORES

Delegación de funcións de Alcaldía en favor de Xan Carlos Sar Oliveira primeiro teniente de alcalde durante os días 23 de agosto ao 2 de setembro de 2017, ambos incluídos.

Contratación de Pamela Caamaño Carril ante a substitución da traballadora Cristina Escarís Quintáns por vacacións durante os días 24 de agosto ao 6 de setembro de 2017.

Persoamento ante o Xulgado Contencioso Administrativo número 3 co motivo do recurso interposto por José Manuel Senlle Canosa.

Aprobación definitiva do Padrón de Auga, Vehículos e Saneamento ano 2017.

Autorización para celebrar as festas en honra a San Ramón que se celebran nas localidades de Vigo e Mallas os días 2 e 3 de setembro de 2017 a nome de A. C. D. Vigo de Mallas.

Autorización de Fogos de artificios na localidade Vigo, Mallas os días 2 e 3 de setembro a nome de A. C. D. Vigo de Mallas.

Instrucción de Procedementos sancionadores de tráfico por importe total de Doce mil cincocentos vinte euros (12.520,00 €).

Concesión de vacacións en favor do seguinte Persoal de praias ano 2017 :

Manuel Angel Canosa Lires	7 ao 15 de setembro
Eva Nemiña Canosa	4 ao 11 de setembro
Sonia Riveiro López	22 ao 29 de setembro
Clara M ^a Amado Sánchez	19 ao 26 de setembro
Carmen M ^a Nemiña Antelo	11 ao 18 de setembro

Autorización de festas patronais e do Carne 2017 que se celebran na zona portuaria desta vila durante os días 8, 9, 10/9/2017 a favor de Javier Trillo Castro en nome e representación da Comisión do Carne e Santa María de Fisterra.

Persoamento no procedemento ordinario formulado ante o Xulgado Contencioso Administrativo número 4 da Coruña polo Recurso interposto por David López Macías contra acto administrativo en relación co establecemento público sito na Avenida da Coruña desta Vila.-

Contratación de Pamela Caamaño Carril por substitución de Violeta Traba Castreje por vacacións durante o período comprendido entre o día 11 ao 20 de setembro de 2017.

Concesión de Vacacións en favor de Angel Manuel Lobelos Suárez durante o período comprendido entre o 11 de setembro ao 10 de outubro de 2017 (ambos incluídos).

Concesión de Vacacións en favor de María Filomena Domínguez Velay durante o período comprendido entre o 13 de setembro ao 13 de outubro de 2017(ambos incluídos).

Instrucción de Procedemento sancionador de tráfico polo importe de Oitenta euros (80,00 €).-

Concesión de vacacións en favor de Fabio Domínguez Vázquez durante os días 18, 19, 20, 21, 22 e 25 de setembro de 2017 (incluídos).

Autorización de Festexos das Dores en Sardiñeiro de Arriba durante os días 16 e 17 de setembro de 2017 a nome de Esperanza Suárez Vázquez como representante da Comisión encargada de organizalos.-.

Concesión de vacacións en favor dos seguintes traballadores que veñen prestando o servizo de Socorristas de Praias 2017 :

RUBEN INSUA DIAZ	16 ao 21/09/2017
PAULO PAIS MILLAN	16 ao 21/09/2017

Concesión de Vacacións en favor dos seguintes traballadores que veñen prestando servizos de Peón na Campaña de Praias ano 2017 Subvencionados pola Excmá Diputación Provincial :

Juan A. Crespo Marcote	22 ao 29 de setembro
Manuel Cambeiro Antón	16 ao 26 de outubro
Juan R. Domínguez Martínez	21 ao 27 de setembro, 16 ao 19 de outubro(incluídos)
Carmen D. Alvarez Marcote	29/09 ao 4/10, 13 ao 19/10

Concesión de vacacións a favor de George Alvez Alvez Cuello como socorrista durante o período comprendido entre o 22 a 30 de setembro de 2017.

Aprobación do plan de seguridade e saúde formulado por Construcciones Ponciano Nieto S.L. como Adxudicatario da Obra " Ampliación e mellora camiños municipais nos lugares de Mallas, San Martiño e Padrís ", Subvencionada pola Dirección Xeral de Administración Local ano 2017.

Resolución Alcaldía sobre a suspensión temporal de actividade en establecemento público por parte de Etel & Pan.

Instrucción de Procedemento sancionador de tráfico polo importe de Oitenta euros (80,00 €).-

Contratación de María José Góñez Góñez como auxiliar de axuda no fogar ante a substitución de Lourdes Domínguez Lago por baixa IT.

Contratación de Pamela Caamaño Carril ante a substitución de María Trillo Domínguez por vacacións.

Concesión de vacacións en favor de Cayetano Silva Domínguez durante o período 22 ao 30 de setembro de 2017.

Instrucción de Procedemento sancionador de tráfico polo importe de Oitenta euros (80,00 €).-

Resolución sobre Adhesión do Concello de Fisterra á Rede de Entidades locais en contra da violencia de xénero.

Prórroga de contrato laboral formalizado a favor de María Trillo Domínguez durante o período 1 de outubro ao 31 de decembro de 2017 polas necesidades do Servizo.

Prórroga de contrato laboral a favor de Cristina Escarís Quintáns durante o período 1 de outubro ao 31 de decembro de 2017 por necesidades do servizo.-

O Pleno dáse por enterado

4º.- Rogos e Preguntas.-

Procédese por parte do Alcalde a contestar ao Sr. Traba Fernández do grupo popular as seguintes preguntas formuladas na sesión ordinaria do Pleno anterior :

A canto ascenderon para o Concello de Fisterra os gastos das xornadas Fisterra Blues Experience?

O gasto pola organización do Festival ascendeu á cantidade de Vinte e dous mil cincocentos euros (22.500,00 €) aproximadamente, cunha Subvención outorgada pola Excmá Deputación provincial de Dous mil novecentos cincuenta e dous euros (2.952,00 €).-

Que ocorreu para reubicar os badéns que estaban diante do Colexio Mar de Fóra?

Os badéns do Colexio Público Mar de Fora foron retirados ante as reclamacións formuladas por veciños da zona de emprazamento dado que se queixaban polos ruidos que facían os vehículos ó pasar por eles.-

Hai moitas queixas da zona rural de que estamos en agosto e boa parte das vías rurais seguen sen desbrozar. Que ocorre ?

As actuacións de desbroce leváronse a cabo igual que todos os anos e dúas veces, nestes momentos o tractor do Concello atópase parado pola existencia dunha avería no brazo desbrozador que está en reparación.

Para a limpeza e desbroce das pistas forestais contratouse unha empresa dentro do marco de prevención de incendios forestais.

Estase a facer algunha xestión co distrito V ou respecto das reforestacións de masa forestal nas zonas de concentración parcelaria que non teñen xa uso agrícola ou nunca o tiveron ?

Non houbo ningunha xestión co Distrito forestal V dado que as súas actuacións están baixo a súa propia decisión .-

Xa contactaron cos familiares do alcalde Cipriano Fernández e xa teñen o plan para a súa posible exhumación ?

Non podemos contactar con eles por descoñecer o seu domicilio, de igual maneira se algún dos membros da Corporación ten algunha información ó respecto rogamos a poña en coñecemento.

A empresa Consultora Galega segue a traballar na elaboración do PEPRI?

Non, pedíuselle un presuposto novo para poder finalizar os traballos pero non houbo posibilidade e solicitou a cancelación do contrato que actualmente tiña para a redacción do citado plan especial e foi aceptado.

Actualmente estase a mirar de sacalo a contratación para poñelo en funcionamento.-

Sendo as 20 horas e 52 minutos auséntase do salón de sesións a concelleira María Rocío Marcote Canosa por razóns de traballo.

Como está o expediente de ETEL & PAN?

Sr. Alcalde

Este establecemento público ten un expediente aberto, foi requerido para que determinase con claridade a actividade que vai realizar toda vez que figura como "Restaurante, Galería..." E sen embargo a comunicación previa obrante no expediente é para "Café bar e masas fritas". Actualmente ten unha suspensión da actividade.

E non tendo máis asuntos de que tratar o **Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 21 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.**